

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NO CONSORCIO

En Santiago de Compostela, á data das sinaturas dixitais.

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da Consellería de Política Social, en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e de conformidade co establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Dona M^a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, Amtega), nomeada polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E Don Perfecto Rodríguez Muíños, xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante, Consorcio), por delegación de sinatura da súa presidenta por Resolución do 4 de febreiro de 2020, e en virtude do previsto nos artigos 13, 18 e 20.3 dos seus Estatutos; anexos ao Convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia da



Igualdade e do Benestar e os concellos galegos que se relacionan no mesmo o día 3 de xullo do 2006 para a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, publicados no DOG nº 131, do 7 de xullo de 2006.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das facultades que os seus respectivos cargos lles confiren para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

EXPOÑEN

I.- Conforme o previsto nos artigos 148.1.20ª da Constitución española e 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade autónoma de Galicia posúe competencia exclusiva en materia de asistencia social. No exercicio da dita competencia ditouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia na que se estruturan e regulan, como servizo público, os servizos sociais en Galicia de cara á construción dos sistema galego de benestar, como novo pilar do Estado do Benestar, ao tempo que se establecen os instrumentos de coordinación dos diferentes elementos integrados no dito sistema e coas restantes políticas públicas sectoriais que inciden na mellora do benestar da cidadanía, tendo en conta o carácter multidimensional e a natureza dinámica da intervención social.

Por isto, o sistema galego do benestar estrutúrase en forma de rede, con diversos niveis e subniveis de actuación, entre eles, os servizos sociais comunitarios (tanto básicos como específicos, de competencia principalmente municipal) e os servizos sociais especializados (de competencia autonómica). Para o axeitado funcionamento da dita rede é de singular importancia o respaldo normativo a un sistema unificado de información básica sobre as persoas usuarias, de xeito que os profesionais técnicos e os xestores do sistema doten as súas intervencións dunha maior coherencia, eficacia e acción coordinada para a consecución de obxectivos comúns ou de actuación conxunta para o fin de alcanzar a continuidade e



complementariedade das intervencións que deban aplicarse desde os diferentes niveis de actuación.

Así, o artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro dispón a existencia dun único expediente social básico no ámbito dos servizos sociais comunitarios, no que queden recollidas todas as intervencións e servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do sistema e, ao tempo, atribúelle á Xunta de Galicia a creación, xestión, mantemento e actualización da Historia Social Única Electrónica (en diante, HSUE), como conxunto de información e documentos, en formato electrónico, nos que se conteñen os datos, as valoracións e as informacións relevantes sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos/das profesionais de atención e dos servizos ou prestacións considerados idóneos ou aplicados.

II. Para posibilitar a creación e desenvolvemento da HSUE o mesmo artigo dispón que as distintas entidades integradas no sistema galego de servizos sociais (tanto as distintas administracións públicas galegas como as entidades privadas recollidas no artigo 29.2 da Lei de servizos sociais de Galicia) deberán incorporar á HSUE a información e os documentos que a conforman, nos termos regulamentariamente establecidos (desenvolvemento levado a cabo polo Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e o acceso á historia social única electrónica e no que se establece a súa xestión mediante o sistema de información denominado HSUE).

Neste marco, o día 11.11.2016 asinouse o *Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Amtega e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a implantación da HSUE nas entidades locais da Comunidade autónoma de Galicia*, en canto instancias ordinarias de acceso á rede pública de servizos sociais e en aplicación do principio de subsidiariedade, na súa condición de administracións máis próximas á cidadanía.

Estando preto de culminarse o proceso de implantación da HSUE nas entidades locais de Galicia, chega o momento de dar continuidade a este proceso de implantación e estendelo



aos demais axentes integrados no sistema e implicados nalgunha/s fase/s dos procesos de intervención social.

III. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar foi a fórmula xurídica escollida pola Xunta de Galicia, 283 concellos e 5 mancomunidades galegas como medio idóneo para o desenvolvemento da cooperación interadministrativa en materia de servizos de igualdade e benestar e garantir unha prestación de servizos sociais de ámbito local de calidade e con niveis suficientes de cobertura, redundando na mellora da eficiencia e da eficacia no desenvolvemento das respectivas competencias en materia de benestar.

Así, o Consorcio xestiona diversos recursos do benestar:

- a [rede de centros de atención as persoas maiores e á dependencia](#) (centros de día, fogares residenciais e vivendas comunitarias),
- o programa de comida a domicilio “[Xantar na Casa](#)” que facilita o benestar e a atención social a persoas maiores, dependentes e/ou en risco de exclusión,
- a rede de centros para a xuventude, a dos “[Centros Quérote](#)”,
- a rede comarcal de equipos de inclusión sociolaboral (e outro no centro penitenciario de Teixeiro) para o deseño de itinerarios personalizados para a loita contra a pobreza e a exclusión social e laboral, en base á [Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020](#),
- a [rede galega de escolas infantís](#) “Galiña Azul” adscritas ao Consorcio, como proxecto educativo de calidade para nenos de entre tres meses e tres anos co obxecto de permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega,
- o Centro de emerxencia para mulleres vítimas de Violencia de Xénero e, de ser o caso, os recursos para a prevención e o tratamento da violencia de xénero que lle puideran ser encomendados.

IV.- Neste contexto, o Consello da Xunta de Galicia aprobou no mes de outubro de 2013 o *Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais*, integrando as TIC na xestión destes servizos cos obxectivos de alcanzar a cohesión territorial dende a



perspectiva tecnolóxica, de garantir a sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda de atención en aumento, mediante a mellora da súa eficiencia. Unha das claves do plan é a creación dun sistema integrado de intercambio de información, denominado Historia Social Única Electrónica (en diante, HSUE) entre os sistemas social, sanitario, de educación e de emprego e, polo tanto, entre as diferentes administracións e entidades públicas implicadas.

A súa principal virtualidade é integrar toda a información e documentación relevante dos/das usuarios/as xerada nos diferentes niveis de prestación e atención así como a súa dispoñibilidade para todos os axentes implicados no proceso de intervención social. Este novo sistema de información determina unha nova forma de traballar, máis áxil, xa que introduce un modelo global en que se dispón de toda a información integrada e consolidada, de maneira que calquera cambio nela queda á disposición do resto dos axentes

Polo exposto, cabe concluír que na creación e xestión dos distintos servizos, programas e prestacións sociais participan diferentes administracións e entidades, dentro do ámbito competencial previsto pola propia Lei 13/2008, do 3 de decembro. A esta pluralidade de suxeitos xúntase a amplitude do catálogo dos servizos, definindo un escenario complexo no que resulta imprescindible a coordinación e cooperación interadministrativa.

Así mesmo, a actual situación demográfica e socioeconómica incrementa as necesidades de atención ás que debe dar resposta o sistema de servizos sociais, o que obriga a adaptarse aos cambios con rapidez para garantir unha atención de calidade e sustentable. Esta situación leva tamén a que resulte necesario esforzarse en reducir barreiras entre os niveis asistenciais e en optimizar o uso dos recursos, aspecto en que o aproveitamento das posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) resulta clave.

V.- Por outra banda, cómpre destacar que o modelo de historia social xestionado polo sistema de información corporativo denominado HSUE garante, de maneira segura, a accesibilidade a toda a información social aos profesionais de atención que desenvolven a súa actividade para o sistema de servizos sociais de Galicia; promove a compartición da información e a transferencia do coñecemento tanto no ámbito social como con outros sistemas relacionados co benestar e busca, como obxectivo último, optimizar os recursos



públicos que son comúns aos diferentes sistemas sociosanitario, socioeducativo e sociolaboral (extensible, así mesmo, a outras áreas que presten servizos dentro do ámbito das políticas sociais ás persoas usuarias dos servizos sociais, nomeadamente ás áreas de vivenda e de igualdade entre o home e a muller) co fin de garantir unha adecuada xestión do caso e a trazabilidade asistencial.

Deste xeito o sistema de información HSUE alíñase coa normativa reguladora da administración electrónica, naqueles aspectos en que é obrigado que as previsións normativas sexan comúns, como no caso da interoperabilidade, entendida como a capacidade dos sistemas de información e dos procedementos aos que dean soporte para compartir datos e posibilitar o intercambio da información e do coñecemento entre eles, que resulta necesaria para a cooperación, o desenvolvemento, a integración e a prestación de servizos conxuntos por parte das administracións públicas.

Así mesmo, no relativo á confidencialidade dos datos e á promoción de novas canles electrónicas de interacción coa cidadanía é preciso ter en o Regulamento 2016/679 do Parlamento de do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), así como a normativa reguladora da Administración electrónica. Este novo soporte de traballo fixo necesario regular o tratamento electrónico da información persoal por parte das administracións, institucións, entidades e profesionais implicados na atención social. Co uso da HSUE non só se poden tratar máis datos persoais, senón que tamén se pode facer posible que os ditos datos sexan máis facilmente accesibles para un número maior de persoas destinatarias, o que fai imprescindible establecer garantías totais de confidencialidade e integridade dos datos.

No Decreto 89/2016, do 30 de xuño, que regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica xa se recollen as medidas que garanten a integración exclusiva daqueles datos de carácter persoal que sexan adecuados, pertinentes, non excesivos e necesarios para documentar o proceso de intervención social. Por outra banda, o dito sistema emprega os soportes documentais electrónicos axeitados para que a información e os documentos que forman a historia social sexan almacenados garantindo a súa



autenticidade, integridade, seguridade e conservación, con estrito respecto aos principios e normativa de protección de datos persoais.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable; en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración na materia indicada, a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Que o dito convenio é acorde ao espírito que informa a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre as relacións que deben rexer as relacións entre as administracións públicas e entre estas e os organismos ou entidades vinculados e dependentes delas así como co disposto no artigo 127.1 b) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia sobre intercambio de datos, informacións e documentos entre administracións públicas.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para o acceso e o uso da Historia Social Única Electrónica polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración para o acceso e uso do sistema de información denominado Historia Social Única Electrónica (HSUE) polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Por conseguinte, este convenio establece ademais os mecanismos adecuados para asegurar a coordinación e intercambio de información entre as partes asinantes.



O acceso á aplicación HSUE do persoal técnico de servizos sociais do Consorcio requirirá da formalización das correspondente solicitudes de alta como usuario da aplicación, e deberán ser validadas pola dirección xeral competente da consellería, en función do ámbito de actuación do persoal técnico solicitante (inclusión social, dependencia...). Así mesmo, deberá achegarse tamén o compromiso de confidencialidade individual firmado por cada un dos profesionais técnicos que soliciten o acceso, segundo o modelo establecido pola Consellería de Política Social.

O persoal técnico de servizos sociais do Consorcio accederá á aplicación HSUE para exercer o seu dereito e cumprir co seu deber de acceder á historia social única electrónica e rexistrar e cubrir a información necesaria para documentar e reflectir adecuadamente a súa participación no proceso de intervención social coas persoas usuarias ás que atendan, segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e o acceso á historia social única electrónica.

Para calquera necesidade de soporte no uso da HSUE, o persoal técnico de servizos sociais do Consorcio disporá da canle de atención establecida pola AMTEGA na unidade denominada CAU-Periférico (cau-periferico@xunta.gal, teléfono 881995300).

Segunda.- Financiamento

A Consellería de Política Social, a Amtega e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

Terceira.- Obrigas das partes

Obrigas da Amtega:

- a Amtega garantirá a dispoñibilidade do sistema e o acceso a información contida na plataforma web denominada Historia Social Única Electrónica aos profesionais de atención dos servizos sociais do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, nos termos recollidos no artigo 7 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica e no exercicio das funcións que teñan recoñecidas.



Obrigas da Consellería de Política Social:

- o uso da información dispoñible no sistema de información HSUE pola Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia e o seu persoal realizarase exclusivamente para os fins recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Obrigas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

- o Consorcio comprométese a facer un uso axeitado dos servizos electrónicos dispoñibles na plataforma web HSUE, segundo as previsións e para os fins recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, e das normas sectoriais reguladoras de cada servizo, prestación ou programa.
- o Consorcio comprométese a impulsar, promover e difundir entre o seu persoal de atención dos servizos sociais (especialmente, ao dos equipos técnicos de inclusión comarcais) a correcta utilización da plataforma web HSUE, mantendo unha actitude proactiva cara á utilización destes servizos, a través de xornadas de formación, difusión e sensibilización do seu uso e aproveitamento.

Obrigas comúns das partes:

- Co obxectivo de facilitar a planificación conxunta e a coordinación das actuacións, as partes asinantes comprométense ao intercambio de toda a información precisa no que atinxe á posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica no Consorcio.

Cuarta.- Protección de datos

4.1. Deber de confidencialidade do Consorcio.

O Consorcio deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados ou que sexan elaborados con ocasión da execución do presente Convenio. Así mesmo, queda expresamente obrigado:



- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito do presente convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución deste convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que o Consorcio acceda en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produçión, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo de 10 anos desde o coñecemento desa información.

4.2. Condición de encargado do tratamento do Consorcio

O Consorcio, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude deste Convenio, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP) e o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) sendo o responsable do tratamento dos datos a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, segundo o especificado no artigo 11 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño. O Consorcio deberá dar cumprimento ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:



4.2.1. Tratar por conta da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social os datos de carácter persoal necesarios para organizar e desenvolver o obxecto deste convenio. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os que permitan dar cumprimento ao obxecto deste convenio, sendo esta información a que aparece recollida no rexistro de actividades de tratamento publicado en: <https://www.xunta.gal/rexistro-de-actividades>. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social poñerá ao dispor do Consorcio tanta información dispoñible e sexa estritamente necesaria para a execución do obxecto deste convenio. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información segundo o obxecto deste convenio.

4.2.2 Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste convenio. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios, sendo considerado neste suposto como responsable do tratamento.

4.2.3. Tratar os datos de acordo coas instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.

4.2.4. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

4.2.5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, nos supostos legalmente admisibles. O Consorcio pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

No caso de subcontratación, autorízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigas establecidas neste convenio e as instrucións que dite o responsable. Ao Consorcio correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...) co mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o Consorcio seguirá sendo plenamente responsable ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social no referente ao cumprimento das obrigas.

4.2.6. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude deste convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

4.2.7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O Consorcio manterá a disposición da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón.

4.2.8. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

4.2.9. Asistir á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o Consorcio facilitará á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, a requirimento de esta, e á maior brevidade posible, tanta información sexa necesaria ou relevante a estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o Consorcio, este informarlles, a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



4.2.10. Dado que o obxecto do Convenio prevé a recollida de datos directamente polo Consorcio, este deberá facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato no que se facilitará a información débese acordar coa Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RXPd e na LOPDGDD.

4.2.11. Notificar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPd.

4.2.12. Dar apoio á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

4.2.13. Implantar, baixo las instrucións do responsable, nos casos que aplique, as previsións recollidas no R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

4.2.13.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

4.2.13.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

4.2.13.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

4.2.13.4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

4.2.14. Poñer a disposición da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, en particular,



certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.

4.2.15. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto á Consellería de Política Social, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

4.2.16. Devolver á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, no caso de resolución do presente Convenio os datos persoais e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo Consorcio. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

As obrigas anteriores concrétnanse a continuación para o Consorcio:

- Deber de información aos cidadáns:
 - que os datos persoais obtidos no marco da intervención social e xestionados a través do sistema da HSUE serán obxecto de tratamento baixo a responsabilidade da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social
 - que a finalidade do tratamento dos datos é a xestión da HSUE, cos usos previstos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.
 - que para o caso de comunicación dos datos a terceiros, estarase ao regulado no artigo 12 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño.
 - que poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, a través do propio Consorcio.

Respecto ao exercicio de dereitos, o Consorcio actuará, a súa vez, segundo o especificado no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o



uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica e no modelo de exercicio de dereitos recollido en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

O Consorcio, e o seu persoal, deben respectar as medidas de seguridade establecidas polo responsable do tratamento, entre outras, as medidas contempladas no Decreto 89/2016, do 30 de xuño referidas á xestión de datos de categorías especiais, as establecidas na política de seguridade da información da Xunta de Galicia e do sector público autonómico (feitas públicas pola Resolución do 10 de xullo de 2015 da Amtega) e as previstas na demais normativa de protección de datos persoais referidas a:

- Funcións e obrigas do persoal,
 - Rexistro de incidencias,
 - Control de accesos, é responsabilidade do Consorcio a determinación do seu persoal con acceso á HSUE no seu eido de competencia e a conservación desa información debidamente documentada, segundo o previsto no Decreto 89/2016.
 - Identificación e autenticación no que respecta á xestión dos usuarios propios do Consorcio,
 - Responsable de seguridade.
 - Auditoría.
 - Control de acceso físico.
 - Telecomunicacións .
- Finalidade do uso: os encargados do tratamento non poderán empregar os ditos datos para outro fin distinto ao establecido no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.
 - Subcontratación do servizo: para levar a cabo a subcontratación de calquera parte do servizo será necesario solicitar a autorización do responsable do tratamento.

En caso de que os encargados do tratamento destinen os datos a outra finalidade, os comuniquen ou os utilicen incumprindo as estipulacións do convenio, serán considerados tamén responsables do tratamento, respondendo das infraccións en que tivesen incorrido persoalmente.



Quinta. Protección dos datos derivados da xestión do propio convenio.

Os datos persoais facilitados para a formalización do presente Convenio serán tratados, na súa condición de responsable, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.

A lexitimación para o tratamento dos datos é a execución do presente Convenio.

Os datos persoais proporcionados polo Consorcio serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do convenio e o desenvolvemento do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do tratamento, poderá acordar a publicación de determinados datos, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de contratación.

No caso de que o Consorcio lle facilitase datos persoais de terceiros á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberá informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Os titulares dos datos interesados poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos segundo se explicita na información adicional sobre protección de datos contida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): os interesados poderanse poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente segundo o especificado en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Sexta. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscrición do correspondente acordo de modificación.

Sétima. Duración do convenio

O presente convenio será efectivo dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante catro anos; sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prórroga, polo mesmo prazo, mediante a subscrición dun acordo de prórroga con, a lo menos, dous meses de antelación á data de finalización do prazo de vixencia.

Oitava. Extinción do convenio

Serán causas de extinción deste convenio, o cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución, sendo estas as sinaladas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os efectos da resolución, no seu caso, rexeranse polo previsto no artigo 52 da mesma lei, no que resulte de aplicación; para o caso do incumprimento das obrigas e compromisos asumidos as consecuencias determinaranse polas partes, a proposta da comisión de seguimento, que poderá acordar a continuación das actuacións en curso que considere oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal, deberá realizarse a liquidación.

Novena. Seguimento da execución do convenio

1. Para o debido seguimento do convenio, incluídas as propostas para a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, prevese a existencia dunha comisión de seguimento. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:



- a observación da implantación e efectiva aplicación deste,
- a solución de controversias suscitadas na interpretación e cumprimento deste convenio,
- a coordinación e colaboración entre as partes asinantes na execución deste convenio,
- as propostas de modificación do presente convenio.

2. A estes efectos, constitúese a Comisión de Seguimento do presente convenio, presidida por un/unha representante da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e integrada por:

- a persoa titular da Consellería da Política Social ou persoa que a substitúa,
- a persoa titular da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa que a substitúa,
- a persoa titular do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou persoa que a substitúa.

3. Para o caso de vacante, ausencia ou enfermidade do/a presidente, será substituído/a polo membro de maior xerarquía, antigüidade ou idade de entre os seus compoñentes, por esa orde.

4. A Secretaría da Comisión, con voz e sen voto, será desempeñada por un funcionario ou funcionaria designada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

5. Esta comisión reunirse en sesión ordinaria, ao menos, unha vez ao ano e sesión extraordinaria, a solicitude de calquera das partes.

6. Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décima. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de



outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público–e polos principios xerais establecidos na lexislación sobre contratación pública, para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Undécima. Publicidade da subscrición do convenio.

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio no rexistro correspondente (Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia).

As partes asinantes autorizan a publicación dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas nel no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar sinalado *ut supra* e á data das sinaturas dixitais.

Por parte da Consellería de Política Social	Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	Por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Dona Fabiola García Martínez Conselleira de Política Social	Dona M ^a del Mar Pereira Álvarez Directora da Amtega	Don Perfecto Rodríguez Muíños Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (D.S. Resolución do 4 de febreiro de 2020)

